



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 04/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 27 de febreiro de 2025, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención da Sra. Martínez Vieites, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS (SUPLEMENTO DE CREDITOS PARA INVESTIMENTOS).

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos para invenstimentos (Expdte. 2025/T002/000003).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 21/03/2025.

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que entendemos que se atenden demandas da veciñanza. Aínda que eles optan por medidas máis ecoloxistas. Son cousas que hai que amañar, entenden que hai que facer esta modificación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a emitir un voto favorable nesta ocasión dado que se recollen algún dos investimentos que teñen proposto incluso para este ano como é a adquisición do campo de fútbol de Mesón do Vento. É un si crítico por que non entenden por que un goberno do PP con maioría absoluta non é capaz de tramitar a tempo uns orzamentos municipais para este ano 2025, sen ter que recorrer a esta modificación sobre uns orzamentos prorrogados do ano 2024. Indicar tamén que a compra do campo de fútbol de Mesón do Vento, cun investimento de 36.000 euros, cando foi adxudicado a un titular privado por 28.000 euros, na poxa realizada pola AEAT. Non entenden por que houbo que esperar a que se fixese con el un titular privado para facerse con el sen ter que gastar máis investimento do que foi adxudicado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece o voto favorable do PSOE, son investimentos moi necesarios e urxentes. Matizar dúas cuestións si considera que os orzamentos non están feitos polo que depende dos votos deste grupo, esta vostede equivocado, os votos son suficientes para facelos. Temos os deberes feitos, o noso plantexamento de investimentos na parte que a nos nos corresponde e como queremos plantexar os orzamentos de 2025 hai moitos meses que os teñen os técnicos municipais para poder sacalos adiante. El non é quen de dicirle aos técnicos municipais cando teñen que facer as cousas ou non. Sei que lle choca, a veces acontecen estas situacións. Hoxe falei co interventor a ver se estaban para o mes de abril. Gustaríalle todos os anos telos no mes de novembro, despois o interventor traslada a súa parte, onde están as cifras da participación nos ingresos do estado, non lle gusta traballar con cifras ficticias, hoxe dixo que aínda non se coñece a regra de gasto obxectiva para o ano 2025. Se se quere traballar da maneira máis realista posible, executar dunha maneira máis sólida. Entón en vez de traballar cun orzamento traballamos cun suposto. Fiémonos dos técnicos cando din que non podemos arriscarnos a traballar cuns orzamentos elaborados no mes de novembro. Hoxe insistiulle que lle gustaría telos no mes de abril, comprometeuse comigo en que o luns ía a poñerse con eles. O traballo deste grupo de goberno dende finais do ano pasado esta enriba da mesa do que nos gustaría



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que vaia ir, despois hai que facer os axustes necesarios por que hai que cadralo. En relación co campo de fútbol de Mesón do Vento, saben o que aconteceu, tiveron acceso ao expediente. No seu momento se ofertaron ata 32.000 á AEAT para a súa adquisición, houbo unha segunda e terceira poxa cun informe de valoración cunha cantidade inferior que non permitía puxar máis. Pero a día de hoxe de non ter sido adxudicado en 28.000 euros teríamos que estar ofertando corenta ou cincuenta mil euros. Aínda que poderíamos acudir ao xulgado no exercicio do retracto ou tramitar un procedemento de expropiación urbanística. Cando ofertamos 32.000 euros a AEAT non nolo adxudicou, tivemos conversa para a súa adquisición directa e foi imposible. Cando igualamos a poxa de 28.000 euros cun dereito de retracto que non se nos permitiu exercer. Agora hai unha posibilidade de adquisición por mutuo acordo. É o acordo que traen aquí. Agora van a darlle solución para ter un campo público en Mesón do Vento para que isto quede resolto dunha vez por todas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito, do orzamento municipal 2025, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de gastos				
Aplicación de gastos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Créditos finais
342.632,00	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións.	29.964,04	271.860,08	301.824,12
933.600,00	Xestión do patrimonio. Investimentos en terreos.	222.186,94	91.085,53	313.272,47
	TOTAIS		362.945,61	

Orzamento de ingresos				
Partida de ingresos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Previsións finais
870,00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	995.518,92	362.945,61	1.358.464,53

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

4. RATIFICACIÓN ADSCRICIÓN DEMANIAL A FAVOR DO CONCELLO DE ORDES DA MARXE ESQUERDA DO TRAMO DE ESTRADA DP-5903 DE ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA. P.Q 1+635 AO P.Q 4+435".

Visto o acordo do Pleno da Deputación Provincial, de data 01/03/2024, polo que se aproba a adscripción demanial a favor do Concello de Ordes da marxe esquerda do tramo de estrada DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia. P.Q 1+635 ao P.Q 4+435.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto que esta adscripción demanial ten por obxecto a execución polo concello de Ordes do proxecto: "Itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia. P.Q 1+635 ao P.Q 4+435, marxe esquerda", actuación que se financia ao abeiro da subvención concedida polo Instituto para la Transición Justa, O.A. ao abeiro da Orde TED/1479/2021, de 27 de decembro.

Vista a condición imposta polo Pleno da Deputación Provincial, de data 01/03/2024, de ratificación desta adscripción demanial polo Pleno do Concello de Ordes.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 21/03/2025.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, adoptou o seguinte acordo:

Ratificar a adscripción demanial a favor do Concello de Ordes da marxe esquerda do tramo de estrada DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia. P.Q 1+635 ao P.Q 4+435", acordada polo Pleno da Deputación Provincial, de data 01/03/2024.

5. APROBACIÓN BONIFICACIÓN COTA ICIO.

Vistas as solicitudes de concesión de bonificación cota ICIO, licenza urbanística/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira existente.

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable, de data 21/03/2025, da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha bonificación do 75% da cota do ICIO, licenzas urbanísticas/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación das explotacións agrogandeiras seguintes:

- **PAMPÍN SUÁREZ, S.C., con CIF nº J44745297**, obras en solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, para obras de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: [establo (800,00 m2), foxa de xurro (316,68 m2)], cuberta de fosa de xurro existente, en Lg. Fosado, Montaos, Ordes [(Agrupación parcelas catastrais 15060A507000530000LP - 15060A507000540000LL) (Agrupación finca nº 53 e parcela A finca nº 54 ZCP de Montaos)], segundo proxecto técnico redactado por José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **euros 230.000,00 (Expdte. 277/2023 – 2023/U022/000015)**.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A Rede de Entidades Locais da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) está formada polos Gobernos Locais que se comprometen a localizar e implantar os ODS da Axenda 2030 de forma transversal nas políticas públicas municipais.

A actividade desta Rede está dirixida a favorecer a coordinación de actuacións entre os Gobernos Locais, permitindo acadar mellores resultados na implantación da Axenda 2030 nos municipios, a través da localización e desenvolvemento dos ODS no eido local.

A Rede é un instrumento que ofrece ferramentas aos Gobernos Locais para que acaden os seus obxectivos, de acordo coa implantación da Axenda 2030 en España.

Coa adhesión á Rede, o Goberno Local comprométese a determinar un conxunto de actuacións, que deberán incorporarse nun Plan de Actuación ou Estratexia Local, aprobado polo Pleno, que inclúa unha análise de situación e un plan de localización e implantación dos ODS.

Paralelamente, deberase iniciar un proceso de información e sensibilización para a participación de todos os axentes locais, económicos e as organizacións cidadás representadas na vida municipal, para a súa implicación.

Ademais, os Concellos que participan na Rede deberán asumir, mediante acordo plenario, a Declaración en favor da Axenda 2030 aprobada pola FEMP no marco do seu XII Pleno.

É polo que o PSdeG de Ordes propón o seguinte acordo:

Que o Pleno da Corporación aprobe a adhesión de Ordes á Rede de Entidades Locais da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e, en consecuencia, se comprometa a:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

a) Traballar pola aprobación dun Plan de Actuación ou Estratexia Local, no que se elabore unha análise da situación e un plan de localización e implantación dos ODS da Axenda 2030.

b) Cumprir coas obrigas e exercer os dereitos que se establecen nas Normas de Funcionamento da Rede, aprobadas por Asamblea celebrada o 21 de outubro de 2020 e actualizadas na IV Asamblea celebrada o 5 de xullo de 2024, na que tamén se estableceron os importes da cota anual fixados en función do número de habitantes.

c) Asumir a Declaración da Axenda 2030 aprobada no XII Pleno da FEMP.

Que Alcaldía, en representación do Concello, realice todos os trámites oportunos para a adhesión de Ordes na Rede de Entidades Locais da Axenda 2030".

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), oito votos a favor (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, rexeitou a urxencia da moción presentada, non procedendo o seu debate e votación

Intervén o Sr. Alcalde para explicar o voto en contra da urxencia da moción. Sinala que non comparten en ningún caso este tipo de plantexamentos ao non estar garantida a financiación para executar este tipo de traballos. Podemos votar todo isto, quedar moi ben e despois con que se financia, con cargo aos recursos propios municipais. Ordes a día de hoxe xa está no pacto das alcaldías polo clima, pero gracias a unha financiación da Xunta de Galicia para que se puidesen facer as labores. Se o estado, a Femp ou que sexa non teñen inconvinte en que traian de novo esta proposta e votarán a favor, pero alguén o ten que financiar.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

"A Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, establece os seguintes requisitos para as prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida:

"As prazas de estacionamento en batería reservadas para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida serán de 5,00 x 2,20 m, debendo dispor dun espazo de aproximación e transferencia lateral de lonxitude igual á praza de 1,50 m. de ancho. Entre dúas prazas contiguas permitírase a existencia dun único espazo de aproximación e transferencia lateral compartido.

No caso do estacionamento en liña, as prazas reservadas para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida serán de 5,00 x 2,20 m, debendo dispor dun espazo de aproximación e transferencia posterior de lonxitude 1,50 m de ancho igual ao da praza".

Por outra banda, a Orde TMA/851/2021 do 23 de xullo pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados indica no seu artigo 35 que "as prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida deberán ubicarse o máis próximas aos puntos de cruce entre os itinerarios peatonais accesibles e os itinerarios vehiculares, preferentemente en superficies horizontais ou de escasa pendente, garantindo o acceso dende a zona de transferencia ata o itinerario peatonal accesible, de xeito autónomo,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

exenta de obstáculos e segura". A mesma orde indica que "as prazas de aparcamento estarán sinalizadas horizontal e verticalmente co símbolo de accesibilidade para a mobilidade".

Ditas condicións establecidas na normativa vixente vulnérase sistemáticamente no Concello de Ordes.

A meirande parte das prazas reservadas non dispoñen de espazo de aproximación e transferencia. Dito espazo é imprescindible para realizar os movementos necesarios por parte das persoas usuarias que fan uso de produtos de apoio para desprazarse, tales como cadeiras de rodas, andadores ou scooters. Ademais, permiten facer unha aproximación ao vehículo de xeito seguro, sen necesidade de invadir o carril de circulación.

Tal e como pode apreciarse na fotografía, a praza reservada ao carón do Parque Félix Rodríguez de la Fuente non dispón de vado de transferencia e aproximación. Por outra banda, o itinerario á beirarrúa non é accesible, pois non existe cota 0.

Esta situación repítese, inclusive, nas prazas deseñadas e executadas nos últimos anos. Nas prazas reservadas no lateral do edificio do Concello de Ordes (Rúa Parque Municipal) podemos observar que a zona de aproximación e transferencia conduce a unha beirarrúa sen cota 0 e parcialmente ocupada por unha columna.

Cabe sinalar tamén que moitas prazas non dispoñen de sinalización vertical. Isto, ademais de supoñer o incumprimento dun requisito esixible, dificulta a localización das prazas.

Por outra banda, podemos observar que non existe un criterio unificado para sinalar as prazas (nuns casos aparece a praza pintada de azul, noutros soamente se visualiza o pictograma da cadeira de rodas). A isto hai que engadir a necesidade de repintado de moitas prazas.

Como resulta evidente nas imaxes que se achegan neste documento, moitas prazas non cumpren coas medidas mínimas esixibles na normativa.

Especialmente preocupante é a situación das prazas reservadas na proximidade do centro de saúde de Ordes. A pesares de que se indica que é unha medida "temporal" resulta inaceptable que nas inmediacións dun entorno sanitario de tanta afluencia existan prazas reservadas que non cumpren coa normativa vixente.

É polo que o PSdeG de Ordes propón o seguinte acordo:

1. Modificar todas as prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida para adaptalas á normativa vixente respectando as medidas de 5,00 x 2,20 m e establecendo zona de aproximación e transferencia garantindo a accesibilidade dende a propia praza á beirarrúa de xeito autónomo, con un itinerario exento de obstáculos e seguro.

2. Establecer en todas as prazas a sinalización vertical co símbolo de accesibilidade universal de mobilidade.

3. Realizar repintado en todas as prazas que sexa preciso para garantir a súa correcta identificación así como unificar os criterios de sinalización horizontal.

4. Aumentar o número de prazas de MR incluíndo unha por cada un dos centros de interese que se citan a continuación:

- Oficina de recadación da Deputación da Coruña.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Edificio Mostra do Traxe Juanjo Liñares”.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, apreciou a urxencia da moción presentada, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é un asunto que é recorrente ao longo dos anos. Revisando documentación dos plenos, maio-2018 o BNG presentou un rogo demandando que as prazas de estacionamento accesible da rúa Nova, recen amañada, o espazo de transferencia non cumpría coas dimensións mínimas, nin coa rampla para superar o bordo e ser realmente accesible. Setembro-2023 presentaron un rogo para que se habiliten estacionamentos accesibles na contorna do Centro de Saúde, especialmente na zona do PAC, na zona de entrada non hai ningunha habilitada. Abril-2024 preguntaron sobre o cumprimento do art. 35 da Orde TMA/851/2021 que regula as características das prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida. É unha cuestión que levamos demandando todos estes anos, intentando adaptar estas prazas á normativa vixente que sexan accesibles. Querían proporlle ao PSOE un punto cuarto en consonancia co rogo de setembro de 2023 para aumentar o número de prazas de mobilidade reducida na zona de acceso ao PAC, non hai ningunha delimitada.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que pola súa parte non habería ningún problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos poden estar de acordo no fondo de todo isto. Se miramos o regulamento municipal isto non é unha moción é un rogo. Dada a súa amplitude admítase como moción. Pero van a proporlle unha emenda a súa totalidade se queren contar co seu voto. Xa se ten tratado aquí, hai demandas anteriores de moitos anos. Algunhas delas non están en vías de competencia municipal, son vías provinciais ou do estado. Todo este tipo de adaptacións son obrigatorias cando se fan obras novas. Hai estas eivas, hai que darlle solución se queremos ter un pobo máis accesible. Fixéronse melloras en mandatos anteriores, por gobernos anteriores, seguimos tendo deficiencias. Isto ten un custe importante. Propóñenlle o seguinte: 1. Solicitar a asistencia técnica municipal (ETG) a redacción dun proxecto valorado para adaptar as prazas de mobilidade reducida do termo municipal de Ordes á normativa vixente, co gallo de incluír a súa execución nos orzamentos municipais do ano 2025 ou sucesivos. Ditas prazas cubrirán alomenos todos e cada un dos centros de interese que figuran na ordenanza xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial do Concello de Ordes. 2. Instar á Deputación da Coruña, á Xunta de Galicia, e á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, a adaptación de ditas prazas de mobilidade reducida conforme ao proxecto resultante naquelas vías que son da súa competencia e titularidade. Hai que empezar as cousas de maneira razoada, poden estar de acordo co fondo do asunto. Fagamos primeiro o proxecto, vexamos do que estamos a falar, se se pode asumir integramente en 2025 ou en dous exercicios, tramitar as autorizacións sectoriais previas, solicitar adaptación polos titulares das vías. Se aceptan a emenda empezan a traballar. Hai que facilitarlle as cousas ás persoas con mobilidade reducida.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que aceptan a emenda. Creen que é necesario realizar primeiro o proxecto para contar cunha cantidade estimada e a súa posterior incorporación ao orzamento municipal próximo, se non é posible nun único orzamento, priorízalo e iniciar canto antes. Esixir ás administracións titulares da vía que asuman a súa competencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que solicita que este proxecto sexa unha realidade por que levamos anos loitando. Algunhas das obras novas non cumpren coas dimensión mínimas que tiñan que ter estas prazas segundo a normativa vixente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é evidente que o compromiso de todos nos é de facilitarlle a vida ás persoas con mobilidade reducida. Traballemos nesa liña.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Solicitar a asistencia técnica municipal (ETG) a redacción dun proxecto valorado para adaptar as prazas de mobilidade reducida do termo municipal de Ordes á normativa vixente, co gallo de incluír a súa execución nos orzamentos municipais do ano 2025 ou sucesivos. Ditas prazas cubrirán alomenos todos e cada un dos centros de interese que figuran na ordenanza xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial do Concello de Ordes.

2. Instar á Deputación da Coruña, á Xunta de Galicia, e á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, a adaptación de ditas prazas de mobilidade reducida conforme ao proxecto resultante naquelas vías que son da súa competencia e titularidade

3. Aumentar o número de prazas de MR incluíndo unha por cada un dos centros de interese que se citan a continuación:

- Oficina de recadación da Deputación da Coruña.
- Edificio Mostra do Traxe Juanjo Liñares.
- Zona de acceso ao PAC de Ordes.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A proposta da inclusión das zonas lindeiras ao encoro de Vilagudín na Orde APA/2442/2006 do 27 de Xullo pola que se establecen medidas específicas de protección en relación a influenza aviaria deixa unha situación de incerteza na produción doméstica de aves e na actividade empresarial que se dedica a este sector. Dende finais do 2003 rexistráronse diversos brotes do virus da gripe H5N1 en aves de distintos países do sueste asiático, que se foron espallando progresivamente a outras zonas, principalmente polas migración de aves silvestres.

Galicia, e Ordes en concreto, como zona de paso e parada das rutas migratorias é un lugar especialmente sensible.

A orde establece medidas de control en materia de bioseguridade como poden ser:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

1.- Prohibición da cría nas mesmas instalacións distintos tipos de aves.

2.- Prohibición da cría de aves ao aire libre. Esta medida pode exceptuarse pola autoridade competente se na cría ao aire libre se colocan elementos ou dispositivos que impidan a entrada de aves silvestres e sempre que a alimentación e auga par a o consumo desas aves se realice no interior de instalacións.

3.- Prohibición de dar auga as aves de curral procedentes de depósitos de auga ao que poidan acceder as aves silvestres.

4.- Os depósitos da auga que estean no exterior deberán estar protexidos contra as aves acuáticas silvestres.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta as Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente a que elaboren un plan de actuación e prevención con directrices claras para atallar o problema.

2.- O Pleno da corporación de Ordes insta á Xunta de Galicia a sacar unhas liñas de axudas económicas que axuden a paliar as sobrecustes de axeitar as instalacións de produción avícola as novas medias de bioseguridade, así como a compensar as posibles perdas económicas e produtivas derivadas de ditas restricións, tanto das explotacións avícolas coma dos establecementos comerciais dedicados á venda ao por menor a particulares.

3.- O Pleno da corporación de Ordes acorda dar traslado desta problemática ao Parlamento Galego e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia a fin de solicitar as excepcións contidas na orde para que a cría de aves ao aire libre siga sendo posible coas maiores garantías sanitarias."

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), oito votos a favor (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, rexeitou a urxencia da moción presentada, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde para explicar o voto en contra da urxencia da moción. Sinala que se está a plantexar algo que está en funcionamento e operativo. Existe un programa de vixilancia contra a gripe aviaria desenvolto polas Consellerías do Medio Rural e de Medioambiente e Cambio Climático que son as administracións públicas competentes. Este programa existe es sete concellos con plena operatividade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

"Os concellos estamos a padecer unha situación de infrafinanciación, tendo que asumir en moitas ocasións a prestación de determinados servizos de competencia allea ou impropia, sen que por parte das administracións realmente competentes, ben sexa goberno do estado ou Xunta de Galiza, se achegue a dotación económica precisa para sufragar estes gastos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Por outra banda, a brutal suba do canon de SOGAMA recentemente imposta aos concellos, xunto coa aplicación da lei 7/2022, do 8 de abril, sobre residuos e chans contaminados para unha economía circular, provocan que a veciñanza vexa incrementados os seus recibos pola recollida e tratamento do lixo.

A sustentabilidade municipal ten sido obxecto de diversos debates e formulación de propostas. Deste xeito, mentres formacións políticas coma o PP, defenden un modelo orientado á fusión dos concellos, no BNG defendemos un modelo baseado na comarcalización do territorio co gallo de prestar servizos de maneira conxunta, é dicir, o impulso das mancomunidades.

Na comarca de Ordes, aínda que ben é certo que xa contamos con esta ferramenta, no BNG consideramos que non se está a aproveitar todo o potencial que ten. Actualmente, a mancomunidade de Ordes está a prestar servizos mancomunados de: Emprego, Servizo de normalización lingüística., Educación familiar, Animación sociocultural, Atención temperá, Prevención de condutas aditivas, Centro de información á muller, Servizos sociais.

Pero esta oportunidade que representa a mancomunidade de Ordes, podería espallarse a mais servizos. Ollando mancomunidades como a de Terra de Celanova, Serra da Barbanza, concellos comarca de Ferrol, Salnés, etc..., pódese comprobar como é posible prestar de xeito mancomunado outros servizos como por exemplo: Recollida do lixo, Recollida de papel e cartón, Guindastre e depósito de vehículos, Rozas e mantemento de estradas, Recollida e protección de animais abandonados, Abastecemento de auga, Saneamento.

Outras opcións que poderían resultar interesantes podería ser mancomunar o servizo de mantemento do alumeado público ou o asesoramento xurídico aos concellos.

Mancomunando a prestación destes servizos, poderíase abaratar o custe dos mesmos, o que redunda nun aforro para as arcas municipais dos concellos da comarca de Ordes, así como para os recibos da súa veciñanza (por exemplo no caso da recollida de lixo, abastecemento e saneamento).

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno da corporación municipal insta ao alcalde a trasladar á mancomunidade de Ordes, así como ao resto de concellos que a integran:

- A) O interese do concello de Ordes en ampliar os servizos mancomunados (recollida do lixo, recollida de papel e cartón, guindastre e depósito de vehículos, rozas e mantemento de estradas, recollida e refuxio de animais, abastecemento de auga, saneamento, mantemento do alumeado público, asesoramento xurídico aos concellos, ...etc.).
- B) No caso de existir outros concellos interesados, iniciar os trámites oportunos para a prestación dos servizos que corresponda (estudo e análise dos custes, licitacións correspondentes ou prestación directa contratando o persoal e mercando a maquinaria precisa, ...etc.).

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, apreciou a urxencia da moción presentada, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que comparten o diagnóstico da infrafinanciación das entidades locais, non comparten neste caso a solución que se propón. O impulso da mancomunidade debe responder a tres obxectivos principais. Asumir os servizos que supoñan un custe elevado para os concellos, que non sexan asumibles por una entidade local en concreto. Prestar servizos aos que os concellos recorren de xeito puntual. Pilotar proxectos inmaduros ou novos servizos sobre os que non se teñen aínda suficientes certezas sobre a súa eficacia, posibilidades de implantación ou financiación. O traballo en rede é o laboratorio ideal en moitos casos para testear solucións por que minimizan os riscos para cada unha das entidades locais. Valoran positivamente que algún dos servizos que presta a mancomunidade os preste o concello. Un exemplo é o servizo de atención temperá. Ordes ten a suficiente poboación e a suficiente demanda de atención para ter profesionais adicados ás necesidades dos nenos deste concello. A tendencia dos últimos anos é que so se asocien concellos pequeno, con pouca poboación, en aras de mellora da atención, evitar listas de agarda e proporcionar un servizo de proximidade, que ao final é do que se trata. Na actualidade deberíamos priorizar a ampliación e consolidación destes servizos fronte a mancomunización de outros novos. A proposta de delegar na mancomunidade o mantemento das estradas, é unha das queixas que os concelleiros piden de forma máis recorrente da veciñanza. Se o goberno municipal non é que de proporcionar un mantemento axeitado da rede viaria na actualidade, dubidan moito que centralizándose esta labor se poida conseguir. A mancomunización da recollida de animais abandonados, Ordes xa ten unha infraestrutura propia para prestar este servizo. A nosa aspiración debe ser mellorar e ampliar este servizo. A iniciativa neste sentido debería vir de concellos que non teñen este servizo ou non o teñen aínda consolidado. Non é un dos intereses que deberían perseguir. Non creen que esteamos en condición de mancomunar moitos máis servizos, que non nos favorecería, senón todo o contrario. O aforro económico de aceptar esta moción sería claro pero non poden por en risco a merma da calidade dos servizos que se citan, que están valorados como prioritarios pola veciñanza.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que se está a pretender despojar da autonomía municipal a sete concellos sen ter en consideración a casuística de cada un deles. Neste caso ten que darlle á razón á concelleira do PSOE. Ordes é cabeceira de comarca, a nosa casuística diverxe bastante da maior parte dos concellos que teñen menos de cinco mil habitantes. A Mancomunidade ten uns estatutos que regula a súa organización e como se poden prestar os servizos segundo as posibilidades. Non somos concellos homoxéneos, non somos comparables para prestar estes servizos que propón.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta é unha proposta na que se cita un exemplo de servizos que poderían ser mancomunados, tampouco se quere dicir que os sete concellos vaian a mancomunar os sete servizos que aquí se propoñen. O servizo de guindastre seguramente nos concellos de Trazo, Mesía non resulte interesante, pero Ordes, Cerceda e Oroso que teñen cascos urbanos si que pode resultar interesante mancomunalos. O mantemento de vías públicas noutros concellos está a funcionar e teñen concellos de máis de dez mil habitantes. Isto non quere dicir que cando se queira facer unha obra haxa que recorrer a este servizo. Ao mellor teñen unha motoniveladora comprada entre todos, unha machacadora e cando hai unha pista que precisa mantemento recorren a esta brigada. As obras de mantemento de certa envergadura faise como se fai a día de hoxe. Non se di que todos estes servizos deban ser mancomunados, non se afecta á autonomía de ningún concello. Pode ser interesante redundando nun aforro. Servizo de recollida de lixo,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

funcionando noutras mancomunidades. Ten sentido que un camión de recollida de lixo de Ordes vaia a Folgoso e dea a volta. O mesmo camión, nun servizo mancomunado, podería seguir cara Marzoa en Oroso. Igual non ten moito sentido. Esta é a idea, intentando abaratar o custe destes servizos. Cada un ten o seu modelo de país, de comarcas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que neste sentido si que poderían estar a favor. Colaboracións concretas, adquisición conxunta de certa maquinaria. Pero non creen que neste momento sexa positivo centralizar algún dos servizos que aquí se mencionan.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que xa discutirán o modelo de país non que non se poden fusionar concellos pero si mancomunar servizos, para que serve entón un concello. Fusionemos servizos con servizos para todos. A motivación da concelleira socialista foi a idónea. Non participa de que o SAF sexa un servizo exclusivo de Ordes por que como cabeceira de comarca temos que marcar a liña por onde se traballa. Moitos concellos pequenos non van poder acceder a financiar un servizo desta envergadura. Ordes financia o 40 % deste servizo. A Mancomunidade de Ordes no momento da súa creación o primeiro servizo mancomunado foi o de lixo cun contrato común para os sete concellos, non foi exitoso. O guindastre fíxose unha análise de viabilidade e de custes, o mesmo a canceira, e non se chegou a acordo. Se dous ou tres concellos queren facer unha colaboración para concorrer de forma conxunta a una subvención é unha conxunta é una cousa, outra asumir un servizo mancomunado que está regulado nos estatutos da mancomunidade. Os concellos mancomunados non son comparables.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de once votos en contra (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), seis votos a favor (grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a proposta de acordos da moción presentada polo BNG.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Logo da realización de diversos actos culturais no Auditorio María del Carmen Regueira Amor, diversas asociacións puxéronse en contacto con este grupo municipal para manifestar o seu malestar por atoparse con problemas técnicos nas súas actuacións.

Actualmente, non dispoñemos de persoal cualificado para manexar os equipos audiovisuais instalados na última remodelación do auditorio. Isto implica que, en numerosas ocasións, se produzan retrasos e mal desenvolvemento das actuacións



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

previstas. Todo isto, a pesares de que as agrupacións presentan en tempo e forma as datas previstas dos eventos á entidade local.

É polo que rogamos:

Que a administración local realice os trámites pertinentes para dispoñer de persoal especializado no manexo dos equipos audiovisuais dispoñibles para prestar servizo durante a celebración dos eventos previstos.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que en numerosas ocasións, cantos, cales, so teñen coñecemento de que un acto empezou cuns minutos de retraso, concerto da Escola de Música de Ordes que coincidiu ao día seguinte da presentación do libro de Francisco, propúxoselles retrasalo ou pospolo polas dificultades para colocar todo o instrumental con tempo suficiente. Dixeron que non. O noso técnico que é moi cualificado estaba o sábado ás oito da mañá para organizar todo. Nunha actuación con técnicos propios procúrase que estes non alteren a mesa dixital. No concerto de 586 Cantos o técnico de son alterou esta mesa, cando se probou o día do concerto da Escola de Música xurdiron problemas por esta alteración, que se solucionou rápido para cando chegaron as persoas para colocar. A Escola de Música agradeceu a profesionalidade do técnico municipal na solución de problemas. Todas as actuacións realizadas dende a reforma dan os seus parabéns polas características do auditorio de Ordes. Un problema de un día non é para presentar este rogo.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Nos últimos días púidose comprobar que a limpeza e conservación do Río Cabrón é deficiente. Ao seu paso polo centro da vila pode observarse maleza e residuos plásticos.

É polo que rogamos:

Iniciar labores de limpeza e conservación do Río Cabrón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a limpeza do dominio público hidráulico non lle compete á empresa adxudicataria do contrato municipal de limpeza. Son coñecedores da existencia do lixo e da necesidade incluso de facer algún drenaxe. Xa se ten solicitado pola Xunta de Goberno Local unha subvención con caro ao PIMA para acondicionar as traseiras da rúa Víctor González Faya e actuar sobre o río para a mellora das súas condicións, sempre as previas autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e outras que sexan necesarias

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O pasado 27 de febreiro puidemos visualizar nas redes sociais do Concello de Ordes varias publicacións en relación a un evento, no que a propia administración local participa como entidade colaboradora, no que se enuncia que vai facer dous “sorteos de 5 copas”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A Lei 11/2010 do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade prohibe a publicidade de bebidas alcohólicas en eventos públicos aos que asisten, maioritariamente menores de idade.

Sabemos que é imposible determinar a media de idade das persoas que asisten a este tipo de eventos pero calquera membro da corporación é consciente da gran afluencia de persoas menores nos eventos festivos da nosa vila e parroquias.

Deixando fóra a obrigatoriedade legislativa, non nos parece axeitado que a administración pública colabore na difusión e patrocinio de accións destinadas a fomentar o consumo de alcohol.

É polo que rogamos:

Que en futuras ocasións, se teña a sensibilidade suficiente para non repetir estes feitos.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de Cultura, que sinala que se toma en consideración.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Actualmente, o estacionamento na zona azul de Ordes pode realizarse a través da colocación dun disco no vehículo ou mediante o pago en efectivo no parquímetro e posterior colocación do comprobante impreso no vehículo.

Dende o grupo municipal socialista consideramos que non é lóxico que en 2025 o estacionamento na zona azul requira de ter, exclusivamente, un elemento físico como é o disco ou o comprobante de pago.

A posta en marcha dun sistema tecnolóxico aforraría a fabricación dos discos e a impresión de comprobantes. Ademais, axilizaría o traballo das persoas traballadoras. Tamén aumentaría a comodidade das persoas usuarias brindando a posibilidade de realizar o pago ou indicar a hora de inicio de estacionamento telemáticamente, segundo o caso, dispoñendo dunha aplicación móbil complementaria ao parquímetro.

A pesares de que dende o grupo municipal socialista estamos en contra da obrigatoriedade de pago polo estacionamento na vila de Ordes, cremos que o goberno local debería, polo menos, facilitar o trámite.

Por iso, solicitamos:

Implantar un sistema tecnolóxico para o estacionamento da zona azul que posibilite:

Realizar o estacionamento mediante a introdución da matrícula do vehículo no parquímetro, sen necesidade de colocar ningún elemento físico.

Realizar a comunicación de inicio de estacionamento ou o pago telemático a través dunha aplicación móbil.

Compatibilizar as opcións anteriores co uso do disco físico, para as persoas que o consideren axeitado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é fácil pedir e plantexar. A día de hoxe o sistema de pago telemático so esta na cidade da Coruña e Oleiros. Hai diferentes maneiras á hora de sacar os tickets dos parquímetros. Plantexan a modernización. O técnico de informática é o que colabora co persoal da ORA. Vai a pedirse unha valoración económica e ver se procede despois.

- Este ano, como vén sendo frecuente, os veciños e veciñas de Ordes non tivemos ocasión de presenciar ningún acto organizado polo Concello polo Día da Muller (8 de marzo).

Si o fixeron concellos da contorna coma Cerceda, cunha ampla programación en torno ao 8M ou Orosco coa lectura do manifesto do 8M á que asistiu parte da corporación municipal e a Conselleira Fabiola García.

É polo que solicitamos:

Fomentar, a través da administración local, a sensibilización no eido da igualdade mediante unha programación de actividades vinculadas especialmente a datas sinaladas (8M, 25N, ...etc.).

Crear un premio anual polo 8M que sirva para recoñecer as mulleres do noso Concello e reivindicar a igualdade.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que o que queren dicir é que non nos reunimos para tomar unha foto. Xa lle dixo en moitas ocasións que son de feitos. Para nos o 8M ou 25N son todos os días do ano. Traballan a diario para recoñecer e visibilizar as mulleres do noso concello, reivindicar a igualdade de todas en todas as concellerías e en todos os ámbitos. Son de feitos, non de fotos, de resultados, de educación e de preocupación. O 8M neste concello e en todos os da comarca celebrouse en todos os centros educativos onde están os homes e mulleres do futuro. Levaron a cabo unha actividade dirixida a todos os centros educativos para formar parte dunha iniciativa que puxera en valor as contribucións das mulleres nos distintos campos do coñecemento. Cada centro educativo elixiu unha temática xeral para que cada clase escollese unha muller destacada nesa área de coñecemento, que tiña que ser diferente en cada clase, recomendándose escoller figuras amplamente coñecidas priorizando as menos recoñecidas. O resultado final foi a elaboración dun vídeo dos colexios que decidiron participar, que se publicou nas redes sociais. Dende primeiros de anos ofrecen actividades para centros educativos relacionados coa temática da muller como do 25N. Tamén se fan actividades desta temática na biblioteca municipal que se publican nas redes sociais. Recordan e homenaxeán ás mulleres nas redes sociais, poñendo luz nas fachadas, ...etc. ao longo do ano. Defensa persoal feminina realízase un para de veces ao ano. 18F faladoiro sobre saúde mental no edificio Mostra do Traxe JL. Hoxe celebrouse co ámbito educativo, social e sanitario a Mesa local de coordinación contra a violencia de xénero. Os grupos de traballo reuníronse en maio e novembro. Solicitaron a maleta viaxeira contra a violencia de xénero para a Biblioteca, Casa consistorial e sede Mancomunidade. En outubro proxección do documental Chicas Novas 24h. Hai que traballar durante todo o ano. Se a reivindicación dos nosos dereitos é unha foto todo sería moito máis fácil. Estase durante os 365 días do ano trallando para festexar o conquerido, seguir avanzando e ningún paso atrás.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Nos baños da Escola Municipal de Música, no apartado dos homes, a billa leva meses sen funcionar e a cisterna do urinario queda atrancada, o que provoca que non pare de botar auga cando se acciona o pulsador.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que procedan a amañar estas eivas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto o poden comunicar de maneira inmediata, e o máis aconsellable.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que foi comunicado previamente fai meses á concelleira delegada de educación. Xa trasladou o problema de non facer as cousas por escrito para ter constancia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten que cerciorarse máis do que acaba de dicir.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que o sabe de primeira man.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle di que está a mentir.

- A comezos de ano, na parroquia de Montaos, no cruce que vai cara Fosado, caeu por mor do tempo e da súa antigüidade un taboleiro no cal se colaban cartaces informativos de distintas entidades para promocionar eventos deportivos, culturais, festas, ...etc. No ano 2022, este grupo municipal trouxo a este pleno un rogo no que se instaba ao goberno municipal a colocar taboleiros publicitarios tanto no ámbito urbano da vila coma nas parroquias.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que proceda a colocar un taboleiro de similares características na ubicación do anterior.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso non era un taboleiro de anuncios, era un cartel de obra, estíbbase a facer un mal uso deste. Quere recordarlle a todos a obriga de tramitar os permisos para colocar publicidade ou taboleiros nas vías públicas. O que aconteceu co aniversario de Rosalía, que lle chamaron a atención ao concelleiro delegado de obras pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar colocados os carteis nas sinais da N-550 sen autorización, non pode volver a acontecer. Fixeron isto, tanto que veñen aquí a esixir e son os primeiros en incumprir. Mirarán se nese lugar se pode por un taboleiro como noutros moitos sitios.

- Tirando a vista atrás, fai exactamente un ano, este grupo municipal denunciou o menosprezo do Concello de Ordes á música tradicional ao non incluír o nome dos “grupos de gaiteiros” no cartaz da festa do campión. Para sorpresa de ninguén, neste ano 2025, o modus operandi repítese. Primeiro, co cartaz da festa do Lacón con Grelas e un par de semanas despois, co cartaz da festa do Campión deste ano, evidenciando máis unha vez este desprezo á música do noso país.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A que se rectifique o cartaz da festa do Champiñón e se inclúa os nomes dos grupos de música tradicional.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de Cultura, que sinala que o cartel do Champiñón non se vai a cambiar ao estar previsto facer un cartel por días no que van a aparecer os nomes dos grupos, incluído tamén o pasacalles da banda de Música. No caso do Lacón con Grellos tanto tríptico como no cartel aparecen os nomes dos grupos.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que é unha cuestión da que xa foron avisados no seu momento.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de Cultura, que sinala que a persoa que elaborou o cartel pareceulle moita información a incluír, figurando no cartel de cada día. O 02/10/2024 foi el que persoalmente falou con vostede para colaborar na Convidada 2024 cun grupo chamado Os Melidaos. Díxolle que non o querían. O 10 de marzo de 2025 mantivo unha reunión con el ofrecéndolle a posibilidade un grupo na Convidada 2025. Non cree que o concello de Ordes teña menosprezo cara a música tradicional.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que cando o concello fai un evento do tipo que sexa, cultural, deportivo, o concello ten que apoiar. Di que non hai sitio no cartaz, pero si que o hai para poñer os nomes das orquestras. A maioría das veces os grupos que se levantan as nove para tocar o pasacalles ás dez son asociacións culturais do concello que merecen un recoñecemento, que menos que aparecendo no cartel. En futuras ocasións non custa nada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é razoable, o concelleiro de cultura comentou que se van sacar carteis específicos. O propio deseñador do cartel viu claro que non podía incluír esa información. Hai que darlle prioridade a liberdade do deseñador para o contido do cartel.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Calquera veciño/a pode comprobar como no ascensor existente no edificio do concello de Ordes, figura un adhesivo con información sobre a última inspección efectuada sobre o mesmo, de data 14 de outubro de 2024, onde se indica que o resultado foi desfavorable (con defectos graves).

O certo é que cando se fai uso do mesmo, pódense escoitar diferentes ruídos durante o ascenso ou descenso, que resultan cando menos estraños.

Desde o BNG non comprendemos como se pode manter en funcionamento dito elemento, nun edificio público. Se a inspección resultou desfavorable, debería clausurarse o seu uso ata reparar as deficiencias que presente e pasar un nova inspección que certifique o seu estado apto para o funcionamento.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que nos remita unha copia da acta de inspección do citado ascensor, de data 14/10/2024.

A clausurar o uso do ascensor ata reparar as deficiencias que presente e superar a correspondente inspección.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pode pasar pola Secretaría da Alcaldía para comprobar a inspección. Se trala inspección o ascensor non pode estar en funcionamento a enxeñería ten a obriga de precintalo. A acta non o indica, si as cuestións que hai que corrixir: Dispor de declaración de conformidade, por a disposición a ficha técnica do ascensor por esixencia dunha normativa recente, que non figura no arquivo. A observación principal é a protección ao usuario polo peche automático das portas durante a entrada e saída da cabina, dáse de prazo un ano. Seguente inspección 14/04/2025 que indica que so en caso de defectos moi graves o ascensor quedará fora de servizo. A reparación da apertura fíxose de maneira inmediata.

- Por medio da Orde do 19 de febreiro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións para o impulso dunha Rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos.

Así mesmo convócanse a través da mesma ordes, as devanditas subvencións para o ano 2025, establecendo un prazo para a presentación das solicitudes dun mes contado desde as 9:00 horas do día 12 de marzo de 2025.

As subvencións varían dependendo de se a praza de abastos conta ou non co selo de Mercado Excelente.

En concreto, para as prazas de abastos que non contén co selo de Mercado Excelente, subvenciónanse actuacións como:

- A elaboración, por unha empresa de consultoría especializada, da diagnose de situación e usos do mercado, que deberá incluír como mínimo:

- ☐ Un estudo de mercado.
- ☐ Un estudo de impacto económico actual e potencial da praza de abastos na súa contorna.
- ☐ Unha recollida de percepcións e opinións sobre o mercado por parte dos/das praceiros/as e usuarios/as.
- ☐ Unha descrición da oferta e a demanda, existentes e futuras, o nivel de ocupación e a diversidade, con inclusión dunha ficha individual dos postos activos do mercado, así como as posibles actuacións de mellora del.
- ☐ Unha estratexia de optimización e redimensionamento de usos, de ser o caso.
- ☐ Unha avaliación dos procedementos administrativos relativos á adxudicación dos postos do mercado.
- ☐ Unha análise DAFO.
- ☐ Unha análise e proposta de actuacións necesarias para a obtención do selo de Mercado Excelente.
- ☐ A formalización, segundo a realidade existente, da ferramenta de autoavaliación, segundo o modelo dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- Actuacións de mentoring e accións de formación dos/das praceiros/as.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Documentación técnica correspondente, gastos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde necesarios para levar as obras subvencionables, entre as que se atopan:

- ☐ As actuacións de rehabilitación e reforma da cuberta, fachadas e das estruturas.
- ☐ Instalación e reparación de solos antiesborrexeduras.
- ☐ Os acabamentos e as actuacións de mellora dos interiores comúns e da homoxenización da imaxe.
- ☐ As actuacións e/ou equipamentos para a mellora da accesibilidade.
- ☐ As actuacións para mellora da calidade do aire e redución do impacto de cheiros, tanto de extracción natural como forzada.
- ☐ As actuacións en zonas de carga e descarga e adaptación de accesos.
- ☐ A rotulación dos postos.
- ☐ A posta en marcha e mellora de servizos para a clientela: consignas, aseos, espazos multifuncionais, puntos de información e oficina de atención e sinalización en xeral.
- ☐ A elaboración dun plan de xestión de residuos, instalación de ecopuntos, de sistemas de reciclaxe e de eliminación de residuos e recollida selectiva de residuos.
- ☐ A habilitación de postos para garantir o grao de diversificación da oferta.
- ☐ A adquisición e a instalación de equipamento comercial para uso común dos/das praceiros/as (equipamentos de frío industrial, mostradores, vitrinas, expositores...).
- ☐ A instalación de sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes.
- ☐ A instalación de portas de acceso de apertura e peche automáticos e outras actuacións de illamento térmico.
- ☐ Calquera outra actuación e mellora prevista na ferramenta de autoavaliación ou, de ser o caso, na diagnose e usos do mercado.

Sobradamente coñecida é a situación da praza de abastos de Ordes, a cal conta na actualidade cun só posto en activo, polo que desde o BNG consideramos que resulta necesario levar a cabo algunha das actuacións subvencionables recollidas na orde, como por exemplo a elaboración por unha empresa de consultoría especializada, da diagnose de situación e usos do mercado; diagnose que por outra banda, entendemos que tamén podería estenderse para analizar a feira de Ordes e a feira da Adina.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

- ☐ A levar a cabo a elaboración por unha empresa de consultoría especializada, da diagnose de situación e usos da praza de abastos, da feira de Ordes e da feira da Adina.
- ☐ Solicitar a subvención para a elaboración desta documentación relativa á praza de abastos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está en tramitación vai procederse coa súa solicitude. Segundo a convocatoria a Feira de Ordes e da Adina non son gastos elixibles.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aínda que estas feiras non son subvencionables, esta análise tamén se debería facer sobre estas para intentar avivalas e revitalizalas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai máis dun ano que se anunciou dende a Deputación Provincial unha liña de axudas para estes mercados e seguen pendentes da súa convocatoria.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- A arqueta de pluviais que figura na fotografía, situada en Rebordelos número 6 (Parada) atópase atascada. Este é o motivo de que, en días de choiva, a auga transcorra pola estrada ata o outro marxe da vía.

É polo que preguntamos:

¿Ten constancia o goberno local desta incidencia?.

De ser así, ¿púxose solución ao problema ou está programada algunha actuación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que teñen constancia, non é algo de agora, é de fai moitos anos. Non é o resultado dunha obra pública, senón do adecentamento dunha propiedade privada. Cando se chama por unha necesidade ponse en coñecemento da Brigada municipal de obras e dáse solución de maneira inmediata.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:

- No mes de Maio vaise facer a firme a inclusión dos Concellos de Trazo e Tordoia nas cualificadas como zonas vulnerables a nitratos ,que contempla obrigas burocráticas e de manexo do purín e esterco na base territorial que traballan.

De cara a intentar detectar posibles zonas que poidan verse afectadas por esta situación no noso concello, e tomar a tempo as medidas precisas para intentar corrixir eivas antes de chegar a eses extremos ,vemos necesario un maior control da calidade das augas do concello.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Estanse facendo análises da auga nos ríos e fontes das zonas do concello que soportan máis carga gandeira para ver se estas están afectadas?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto foi tratado en mandatos anteriores. A realidade é de acordo a normativa a única obriga municipal é o control da calidade das augas do servizo da potabilizadora municipal ETAP e da auga que chega aos domicilios. Todo o demais non é asumible polos municipios, cando se fai son analíticas da propia Consellería a petición dos veciños.

- No pleno celebrado o día 4 de abril do 2024 aprobouse por unanimidade propoñer a Xunta Local de Seguridade convocada ao efecto a incorporación do Corpo da policía local de Ordes ao sistema Vioxen co fin de materializar o protocolo de coordinación e constituír a mesa de cooperación policial para acordar de forma concreta como se materializará o contido do protocolo no noso concello.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Tivo lugar esa reunión da Xunta Local de Seguridade?. ¿ Cando se realizou , de terse feito?. ¿Qué se acordou na mesma?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non tivo lugar esta reunión. Transmíteselle que este é un trámite burocrático que non afecta á operatividade dos servizos desta natureza que a policía local ven desenvolvendo. Este punto e outros de interese incluírase na vindeira XLS a celebrar que por cuestións de axenda programática, carga de traballo e análise de resultados de traballo realizado non foi posible convocar. Estanse realizando cambios lexislativos nesta materia desenvolvidos polo Observatorio estatal de violencia de xénero que obrigan a manterse á espera dos novos tipos de seguimento policial en orde á valoración do risco victimolóxico que se van a establecer para despois asignar os casos a cada forza policial.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:

- Na intervención sobre o campo da festa de Buscás, procedeuse coa retirada de varios plataneiros.

No informe de patrimonio que obra no expediente para as obras, recoméndase replantar ditas árbores na vez de proceder coa súa corta.

Na alameda de Ordes existen varios plataneiros que presentan un mal estado de saúde, e que posiblemente en breve teñan que ser retirados e repostos por outros, como xa ven de acontecer en dúas ocasións.

Se o goberno municipal seguise as recomendacións que figuran no informe de arqueoloxía para as intervencións no campo da festa de Buscás, podíanse ter replantado ditas árbores na alameda de Ordes en substitución das que se atopan enfermas a día de hoxe.

Incluso cabe destacar que deste xeito, evitárase o impacto visual que se produce cando se substitúen os plataneiros enfermos por outros moito mais novos, cunhas dimensións de tronco moito menores.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Porque motivos se optou por cortar os plataneiros que existían no campo da festa de Buscas, na vez de seguir as recomendacións recollidas no informe de patrimonio, procedendo por exemplo a replantalos na alameda de Ordes en substitución dos plataneiros enfermos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que case se está a contestar. Se analiza a situación ven se ve. Fala da recomendación, esa opción se tivo en consideración para a súa viabilidade. O habitual é ter un informe onde se tome unha decisión por un técnico, neste caso dun enxeñeiro agrónomo no que sinala a existencia dunha serie de inconvenientes que dificultan a supervivencia das árbores, esgotándose a opción de replantación, sendo utilizados con outros fins. En experiencias anteriores, ese tipo de árbores, con ese porte, non é viable a súa colocación na Alameda ao non conseguirse capacidade de enraizamento, menos na época na que estamos neste momento. Habería que levalos a un campo aberto con outros portes que non era o caso destes. A decisión que se adoptou foi en función do porte e idade das árbores.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas vinte e unha horas e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias